

LEV TOLSTOI

Felicidade conxugal

Traducido por Iago Fernandes López



Hugin e Munin

I

Estabamos de loito pola nosa nai, que finara no outono, e Katia, Sonia¹ e mais eu quedamos todo o inverno soas na aldea. Katia era unha vella amiga da casa, a muller que nos criara, e eu lembrábaa e queríaa dende que tiña acordo. Sonia era a miña irmá máis nova.

Pasamos ese sombrío e triste inverno na nosa vella casa de Pokróvskoe. Ventaba e ía tanto frío que os trousseiros se elevaban até as fiestras, case sempre embazadas e cubertas do carouxo, e durante ese tempo apenas saímos nin fomos a ningures. As visitas rareaban, e as que viñan non achegaban relouco nin contento. Traían cara de pena, borboriñaban, coma se temesen espertar a alguén; non sorrían, suspiraban, e moitas veces rompían a chorar ao mirarme a min, e aínda máis a pequena Sonia co seu vestido negro. Era coma se aínda se puidese sentir a morte na casa; a tristura e o horror do óbito pairaban no ar. O dormitorio de mamá estaba trancado, e cando me ía deitar e pasaba por diante sentía un arreguizo e a tentación de espreitar nese cuarto frío e baleiro.

Daquela eu tiña dezasete anos. O mesmo ano que morreu, a miña nai planeara que nos mudássemos á cidade co fin de presentarme en sociedade. A súa perda

¹Hipocorísticos de Ekaterina (Catarina) e Sofía, respectivamente.

afectárame moito, se ben debo recoñecer que esa dor tamén me facía sentir nova e fermosa, como adoitaban dicirme, e alá ía o segundo inverno que estragaba na soidade da aldea...

Antes de acabar o inverno, a sensación de decepción, señañade e puro fastío crecera até tal punto que xa non saía do cuarto, non abría o piano e nin sequera tocaba un libro. Cando Katia tentaba convencerme para que fíxese isto ou aqueloutro, respondíalle: «Non me apetece, non podo», e no meu interior preguntábame: «Para que? Que sentido ten facer algo se estou a desaproveitar os meus mellores anos? Para que?». E este «para que» non encontraba máis resposta ca as lágrimas.

Advertíanme que perdera peso e estaba desmellorada, pero non me preocupaba. Para que? Para quen? Imaxinaba que pasaría a vida enteira nese recanto solitario, abatida por unha saudade impotente que non tiña forzas nin vontade de superar.

Contra o final do inverno, Katia comezou a temer por min e decidiu que me levaría ao estranxeiro por moi difícil que fose. Mais para cumprir tal propósito facían falla cartos, e nós nin sequera sabíamos canto nos deixara mamá, e dedicabamos os días a esperar polo titor que debía pór en orde as contas.

Por marzo, chegou o titor.

—Por fin, grazas a Deus! —díxome Katia un día que eu vagueaba coma unha estantiga de acá para alá, sen facer, pensar nin desexar cousa—. Xa está aquí Serguei Mikháilovich, pregunta por nós e di que vén xantar. Vaite espelindo, Máshechka² miña —engadiu—, que vai pensar se non? Sempre quixo tanto esta familia!

²Diminutivo de Masha, que á súa vez é o hipocorístico de María.

